

**AVISO:**

**SEGUE PROHÍBIDO O CONSUMO DE AUGA  
POTABLE**

Desde o Concello de Viana do Bolo queremos informar, que despois da **rotura dunha canalización nunha balsa de lodos do centro de Mineiro de Penouta**, e que afectou á rede de abastecemento do núcleo de Viana do Bolo, a empresa Viaqua continúa a desenvolver os traballos de limpeza nos depósitos municipais e na estación depuradora, e realizando tamén a analítica necesaria en lugares puntuais da rede de abastecemento municipal.

Como os resultados destas análises seguen tendo un nivel de turbidez que supera os máximos establecidos no RD Lei 140/2003, de calidade das augas, aconséllasenos que **se manteña a prohibición de consumo desta auga, tanto para beber como para cociñar, podéndose empregar unicamente para fregar ou para o aseo persoal.**

Indicar tamén que a empresa Viaqua ven de comunicar a esta Alcaldía que ao longo do día de mañá, 5 de novembro, espera ter resolto este problema, polo que desde o Concello seguimos lamentando que esta situación siga a alongarse no tempo. No momento en que a situación se resolva, comunicarémolo á veciñanza, o mais axiña posible e a través das canles habituais.

Viana do Bolo, a 4 de novembro de 2020.  
O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.  
Asinado dixitalmente á marxe.

